

## ESBOZO PARA O DESEÑO DUN CURSO PLATEGA – Crear cursos Platega – Exemplo de curso

Nome XXXXXX

Título do curso Introducción a neurociencia para educadores. Estratexias educativas centradas no funcionamento do cerebro.

### 1º Análise do público e das súas necesidades formativas

O curso está dirixido a profesorado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, así como a profesionais da educación que buscan implementar un enfoque baseado na neurociencia nas súas aulas.

Interesados en comprender como funciona o cerebro no proceso de aprendizaxe e como aplicar este coñecemento para mellorar a súa práctica docente, especialmente aqueles que buscan metodoloxías innovadoras para a atención á diversidade.

O profesorado diana deste curso ten necesidades de formación sobre como funciona o cerebro e a relación deste co proceso educativo. Busca ferramentas e técnicas para aplicar na aula que sexan coherentes co que se sabe sobre a neurociencia e a aprendizaxe. En xeral, profesorado que ten necesidade de abordar a diversidade no aula, utilizando enfoques que permitan adaptarse ás diferentes capacidades e estilos de aprendizaxe dos estudantes.

Non se require un coñecemento avanzado en neurociencia, xa que o curso está deseñado para introducirle conceptos fundamentais e aplicables á práctica educativa.

### 1º Impacto esperado no alumnado

- Mellora do proceso de aprendizaxe: Os docentes aplicarán o coñecemento sobre o funcionamento do cerebro para mellorar o rendemento e a aprendizaxe dos alumnos. Isto inclúe utilizar estratexias que melloren a atención, a memoria, a motivación e as emocións dos estudantes.
- Desenvolvemento das funcións cognitivas: Co uso de prácticas pedagóxicas baseadas na neurociencia, os docentes axudarán aos alumnos a mellorar as súas funcións executivas, como a planificación, a resolución de problemas e o autocontrol, habilidades cruciais para o éxito académico e persoal.

- Incremento da motivación e implicación: As novas prácticas pedagóxicas buscarán fomentar unha maior motivación nos alumnos, facéndoos partícipes do seu propio proceso de aprendizaxe. O uso de emocións positivas e estratexias motivacionais terá un impacto directo na súa disposición para aprender.
- Ambiente emocionalmente saudable: A incorporación das emocións como factor clave no ensino permitirá crear un ambiente de aula máis empático e emocionalmente saudable, onde os alumnos se sentirán máis seguros e motivados para participar activamente.

## 2º Transferencia do profesorado ás súas aulas

- Aplicación práctica dos coñecementos adquiridos: O profesorado poderá integrar as estratexias e ferramentas baseadas na neurociencia que aprendeu no curso dentro das súas prácticas diarias. Isto incluírá o uso de técnicas para mellorar a atención, memoria, motivación e xestión emocional dos estudantes.
- Deseño de novas prácticas pedagóxicas: Os docentes poderán crear e implementar actividades educativas deseñadas especificamente con base nas evidencias científicas sobre o funcionamento do cerebro. Isto inclúe sesións de clase adaptadas para potenciar as funcións cognitivas dos alumnos.
- Mellora continua das estratexias educativas: O profesorado deberá axustar as súas prácticas segundo os resultados observados nas súas aulas. Poderán adaptar e modificar as actividades para mellorar os resultados de aprendizaxe segundo as necesidades concretas dos seus alumnos.
- Proxecto final aplicado: No curso, o profesorado desenvolverá un proxecto final no que deseñarán unha sesión educativa específica, incorporando as actividades, ferramentas, metodoloxía e avaliación baseadas na neurociencia. Este proxecto estará directamente orientado á mellora da práctica educativa no seu contexto real.

## 3º Proxecto integrador elaborado durante o curso

O proxecto integrador elaborado durante o curso consiste en deseñar unha sesión educativa práctica

na que o profesorado aplique os coñecementos adquiridos ao longo do curso sobre neurociencia e o funcionamento do cerebro. Este proxecto final serve como unha actividade que integra todos os contidos e estratexias abordadas nos diferentes módulos do curso.

Deseño dunha ou varias sesións nas que o profesorado elaborará un plan detallado no que se incluírán actividades específicas dirixidas ao seu alumnado. Estas sesións debe incorporar as estratexias educativas baseadas nas evidencias neurocientíficas aprendidas no curso.

O proxecto debe demostrar como o profesorado empregará as ferramentas e metodoloxías que melloran procesos como a atención, a memoria, a motivación e as emocións do alumnado. Ademais, aplicaranse técnicas que fomenten as funcións executivas, como a toma de decisións e a planificación.

A proposta educativa debe incluír unha xustificación baseada nos fundamentos neurocientíficos adquiridos no curso. O profesorado deberá explicar como e por que certas técnicas ou enfoques axudan a mellorar a aprendizaxe, baseándose no coñecemento do funcionamento do cerebro.

Parte do proxecto incluírá unha sección sobre como se avaliarán os resultados . O profesorado deseñará mecanismos para medir o impacto das actividades propostas na aprendizaxe do alumnado e adaptará as estratexias segundo os resultados observados.

O proxecto integrador non é só un exercicio teórico. O profesorado está chamado a implementar esta sesión nas súas aulas reais e observar o seu impacto, promovendo unha mellora continua das súas prácticas docentes.

#### 4º Competencias profesionais docentes practicadas

Segundo o modelo de Competencias profesionais docentes da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través deste curso formaraste prioritariamente nas seguintes competencias:

##### **Competencia didáctica:**

Acción titorial e orientación pedagóxica, académica e profesional

Deseña mecanismos de reforzo para dar resposta ás dificultades de aprendizaxe.

## Xestión do coñecemento:

Deseña de xeito crítico e autónomo situacións de aprendizaxe adecuadas ao currículo.

## 5º Obxectivos competenciais

Comprender os fundamentos da neurociencia aplicada á educación: Os participantes serán capaces de explicar os principios básicos da neurociencia que afectan o proceso de aprendizaxe e como se relacionan coas prácticas educativas.

Desenvolver estratexias de ensino baseadas en evidencias neurocientíficas: Os participantes aprenderán a deseñar e implementar actividades educativas que integren técnicas neurocientíficas para optimizar a atención e a memoria dos estudantes.

Adaptar a ensinanza ao alumnado: Os participantes serán capaces de identificar e adaptar as súas metodoloxías de ensino para satisfacer as necesidades diversas do alumnado.

Fomentar un ambiente de aprendizaxe positivo e inclusivo: Os participantes aprenderán a crear un ambiente emocionalmente seguro e positivo que promova a motivación e a implicación do alumnado, incorporando prácticas de xestión emocional.

Avaliar a efectividade das prácticas educativas: Os participantes serán capaces de avaliar a efectividade das estratexias e recursos utilizados na aula, utilizando metodoloxías de avaliación formativa e reflexionando sobre os resultados.

## 6º Desempeños e secuencia

Explica de forma clara os conceptos fundamentais da neurociencia que impactan no proceso de aprendizaxe, como a plasticidade cerebral, a atención e a memoria.

Aplica estratexias de ensino baseadas na neurociencia. Diseña e implementa actividades educativas que integren técnicas baseadas na neurociencia, promovendo a atención e a motivación dos estudantes.

Adapta a práctica docente á diversidade do alumnado: Identifica e aplica metodoloxías diferenciadas que responden ás diversas necesidades e estilos de aprendizaxe dos estudantes, baseándose en principios neurocientíficos.

Fomenta un ambiente de aprendizaxe positivo e inclusivo. Crea un ambiente de aula que promova a confianza, a colaboración e a motivación, utilizando técnicas que melloren a saúde emocional e o benestar dos estudantes.

Avalía a efectividade das intervencións educativas. Utiliza ferramentas de avaliación para medir o impacto das estratexias baseadas na neurociencia sobre o aprendizaxe e o desenvolvemento dos estudantes, reflexionando sobre a práctica docente para a mellora continua.

## 7º Tarefas en relación aos desempeños

Os docentes deben deseñar unha ou máis actividades de aprendizaxe específicas que incorporen os principios da neurociencia (como a atención, a memoria e a motivación). Estas actividades deben estar adaptadas a diferentes perfís de alumnado e diferentes contornos de aula.

Elaborar o documento final: ao longo dos módulos faranse diferentes tarefas que incluírán actividades a desenvolver no proxecto final.

O proxecto final consiste en integrar todos os desempeños e competencias traballados ao longo do curso nun proxecto de intervención educativa baseado na neurociencia. Os docentes deben elixir unha situación de aula real, deseñar unha intervención que incorpore principios de neurociencia, levala á práctica e avaliar os seus resultados. Elaborar unha unidade didáctica para utilizar na aula coas actividades entregadas nos módulos anteriores.

## 8º Informarse e aprender

Proporcionaráselle información que explique os principios fundamentais da neurociencia, como a atención, a memoria, a motivación, e a xestión emocional no contorno educativo.

Así como exemplos ou modelos de rúbricas e guías que expliquen como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios neurocientíficos. Así como instrumentos de avaliación baseados en neurociencia, como rúbricas que inclúan aspectos cognitivos e emocionais ou formularios de avaliación continua. Toda esta información aparecera en diferentes soportes interactivos.